4. REMANENTE TOTAL DE TESOURARÍA		15.926.975,72
I. REMANENTE DE TESOURARÍA AFECTADO (INCORPORACIÓNS de 2021 a 2022)		15.502.858,79
II. REMANENTE DE TESOURARÍA NON AFECTADO		424.116,93

SITUACIÓN DE TESOURARÍA A 31 DE DECEMBRO DE 2022

	CAIXA	BANCOS E INSTITUCIÓN DE CRÉDITO			TOTAL
		CONTAS OPERATIVAS	CONTAS RESTRINXIDAS RECADACIÓN	CONTAS RESTRINXIDAS PAGOS	
SALDO INICIAL	0,00	2.857.309,97	0,00	0,00	2.857.309,97

COBROS:

Orzamentarios	151.552.499,00
De orzamentos cerrados	11.773.276,66
Non orzamentarios	73.247.707,43
TOTAL COBROS.....	236.573.483,09

PAGOS:

Orzamentarios	150.891.222,32
De orzamentos cerrados	6.724.896,73
Non orzamentarios	76.950.118,39
De anticipos de Tesouraría	0,00
TOTAL PAGAMENTOS	234.566.237,44

	CAIXA	BANCOS E INSTITUCIÓN DE CRÉDITO			TOTAL
		CONTAS OPERATIVAS	CONTAS RESTRINXIDAS RECADACIÓN	CONTAS RESTRINXIDAS PAGOS	
SALDO FINAL	0,00	4.864.555,62	0,00	0,00	4.864.555,62



DILIXENCIA

Aos efectos do disposto no artigo 112.4 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 e modificados polo Decreto 194/2007, no presente documento, composto por 57 páxinas, esta universidade rende as súas contas a través deste resumo da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2022.

A Coruña, 13 de xullo de 2023

O xerente



Ramón del Valle López

CONTAS

ANUAIS

2022

- **BALANCE**
- **CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL**
- **ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO**
- **ESTADO DE FLUXOS EFECTIVOS**
- **ESTADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO**
- **MEMORIA**

BALANCE

EXERCICIO 2022

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

BALANCE

EJERCICIO 2022
FECHA 31/12/2022

Nº CTAS	ACTIVO	EJ. 2022	EJ. 2021	Nº CTAS	PATRIMONIO NETO Y PASIVO	EJ. 2022	EJ. 2021
	A) Activo no corriente	267.850.602,74	268.740.440,50		A) Patrimonio neto	269.525.791,79	271.354.481,47
	I. Inmovilizado intangible	166.397,71	251.506,32	100	I. Patrimonio aportado	16.205.355,58	16.205.355,58
206, (2806), (2906)	3. Aplicaciones informáticas	166.397,71	251.506,32		II. Patrimonio generado	42.891.618,66	41.102.860,34
	II. Inmovilizado material	267.260.381,84	268.249.981,78	11	1. Reservas	0,00	0,00
210, (2810), (2910), (2990)	1. Terrenos	1.491.575,74	1.360.851,30	120	2. Resultados de ejercicio anteriores	41.102.860,34	35.614.912,02
211, (2811), (2911), (2991)	2. Construcciones	242.744.834,03	245.928.137,19	129	3. Resultados de ejercicio	1.788.758,32	5.487.948,32
214, 215, 216, 217, 218, 219, (2814), (2917), (2918),	5. Otro inmovilizado material	21.448.972,07	20.947.431,27		III. Ajustes por cambios de valor	134.858.975,54	137.464.590,54
2300, 2310, 232, 233, 234, 235, 237, 2390	6. Inmovilizado en curso y anticipos	1.575.000,00	13.562,02	136	1. Inmovilizado no financiera	134.858.975,54	137.464.590,54
	V. Inversiones financieras a largo plazo	423.823,19	238.952,40	130, 131, 132, 137	IV. Otros incrementos patrimoniales pendientes de imputación a resultados	75.569.842,01	76.581.675,01
250, (259), (296)	1. Inversiones financieras en patrimonio	397.323,19	218.552,40		B) Pasivo no corriente	92.836,11	5.426.579,27
258, 26	4. Otras inversiones financieras	26.500,00	20.400,00	58	I. Provisiones a largo plazo	0,00	5.050.000,00
	B) Activo corriente	26.550.941,48	29.341.123,23	171, 172, 173, 174, 178, 180, 185	II. Deudas a largo plazo	92.836,11	376.579,27
	III. Deudores y otras cuentas a cobrar	21.081.307,39	25.780.460,74		4. Otras deudas	92.836,11	376.579,27
4300, 4310, 435, 436, 4430, (4900)	1. Deudores por operaciones de gestión	13.405.716,57	19.637.034,08		C) Pasivo corriente	24.782.916,32	21.300.502,99
					I. Provisiones a corto plazo	6.255.000,00	0,00
4301, 4311, 440, 441, 442, 4431, 445, 446, 447, 449, (4901), 550, 555, 5580, 5581, 5584, 5585	2. Otras cuentas a cobrar	1.693.785,95	862.082,21	4003, 4013, 521, 522, 523, 524, 528, 560, 561	II. Deudas a corto plazo	2.244.859,37	3.209.405,59
47	3. Administraciones públicas	5.981.804,87	5.281.344,45		4. Otras deudas	2.244.859,37	3.209.405,59
	V. Inversiones financieras a corto plazo	51.360,89	12.340,21	4000, 4010, 405, 406	IV. Acreedores y otras cuentas a pagar	8.873.571,49	10.687.020,94
4303, 4313, 4433, (4903), 541, 542, 544, 546, 547, (597), 598	2. Créditos y valores representativos de deuda	51.360,89	12.340,21	4001, 4011, 41, 550, 554, 5586, 559	1. Acreedores por operaciones de gestión	4.747.725,07	4.237.877,26
	VII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	5.418.273,20	3.548.322,28	47	2. Otras cuentas a pagar	1.444.142,12	3.429.812,63
556, 570, 571, 572, 573, 575, 576	2. Tesorería	5.418.273,20	3.548.322,28	485, 568	3. Administraciones públicas	2.681.704,30	3.019.331,05
TOTAL GENERAL (A+B)...		294.401.544,22	298.081.563,73		V. Ajustes por periodificación	7.409.485,46	7.404.076,46
					TOTAL GENERAL (A+B+C)...	294.401.544,22	298.081.563,73

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL EXERCICIO 2022

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CUENTA DEL RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL

EJERCICIO 2022 FECHA 31/12/2022

Nº CTAS	DESCRIPCIÓN	EJ. 2022	EJ. 2021
	1. Ingresos tributarios y cotizaciones sociales	196.589,24	215.302,88
740, 742	b) Tasas	196.589,24	215.302,88
	2. Transferencias y subvenciones recibidas	139.097.009,30	129.183.913,48
	a) Del ejercicio	126.090.737,74	113.056.802,01
751	a.1) subvenciones recibidas para financiar gastos del ejercicio	8.013.332,29	5.425.743,62
750	a.2) transferencias	118.077.405,45	107.631.058,39
754, 755, 756	c) Imputación de subvenciones para activos corrientes y otras	13.006.271,56	16.127.111,47
	3. Ventas netas y prestaciones de servicios	17.871.313,28	15.233.344,94
741, 705	b) Prestación de servicios	17.871.313,28	15.233.344,94
780, 781, 782, 783	5. Trabajos realizados por la entidad para su inmovilizado.	-286.404,44	-35.000,00
776, 777	6. Otros ingresos de gestión ordinaria	417.669,42	325.606,74
	A) TOTAL INGRESOS DE GESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)	157.296.176,80	144.923.168,04
	8. Gastos de personal	-	-
(640), (641)	a) Sueldos, salarios y asimilados	105.419.223,79	102.847.747,63
(642), (643), (644), (645)	b) Cargas sociales	-90.560.783,15	-88.276.093,04
(65)	9. Transferencias y subvenciones concedidas.	-3.476.690,73	-2.845.308,16
	11. Otros gastos de gestión ordinaria	-38.280.968,51	-30.266.058,28
(62)	a) Suministros y servicios exteriores	-38.245.223,35	-30.238.981,91
(63)	b) Tributos	-35.745,16	-27.076,37
(68)	12. Amortización del inmovilizado	-7.275.073,71	-6.355.215,14
	B) TOTAL GASTOS DE GESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12)	-	-
	I Resultado (Ahorro o desahorro) de la gestión ordinaria (A+B)	154.451.956,74	142.314.329,21
	14. Otras partidas no ordinarias	2.844.220,06	2.608.838,83
773, 778	a) Ingresos	-1.015.399,59	2.895.541,05
(678)	b) Gastos	189.600,41	4.062.690,05
	II Resultado de las operaciones no financieras (I+13+14)	-1.205.000,00	-1.167.149,00
	16. Gastos financieros	1.828.820,47	5.504.379,88
(660), (661), (662), (669), 76451, (66451)	b) Otros	-40.062,15	-16.431,96
	III Resultado de las operaciones financieras (15+16+17+18+19+20)	-40.062,15	-16.431,96
	IV Resultado (Ahorro o desahorro) neto del ejercicio (II+III)	1.788.758,32	5.487.947,92
	± Ajustes en la cuenta del resultado del ejercicio anterior	0,00	0,00
	Resultado del Ejercicio anterior ajustado	1.788.758,32	5.487.947,92

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO 2022

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESTADO DE CAMBIOS EN PATRIMONIO NETO

	I.Patrimonio aportado	II. Patrimonio generado	III.Ajustes por cambio de valor	IV. Otros incrementos patrimoniales	TOTAL
A. PATRIMONIO NETO AL FINAL DEL EJERCICIO N-1	16.205.355,58	41.102.860,34	137.464.590,54	76.581.675,01	271.354.481,47
B. AJUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS CONTABLES Y CORRECCIÓN DE ERRORES	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
C. PATRIMONIO NETO INICIAL AJUSTADO DEL EJERCICIO N (A+B)	16.205.355,58	41.102.860,34	137.464.590,54	76.581.675,01	271.354.481,47
D. VARIACIONES DEL PATRIMONIO NETO EJERCICIO N	0,00	1.788.758,32	(2.605.615,00)	(1.011.833,00)	(1.828.689,68)
1. Ingresos y gastos reconocidos del ejercicio	0,00	1.788.758,32	(2.605.615,00)	(1.011.833,00)	(1.828.689,68)
2. Operaciones con la entidad o entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3. Otras variaciones del patrimonio netos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
E. PATRIMONIO NETO AL FINAL DEL EJERCICIO N (C+D)	16.205.355,58	42.891.618,66	134.858.975,54	75.569.842,01	269.525.791,79

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESTADO DE OPERACIONES CON LA ENTIDAD O ENTIDADES PROPIETARIAS

EJERCICIO 2022

FECHA 31/12/2022

a) OPERACIONES PATRIMONIALES CON LA ENTIDAD O ENTIDADES PROPIETARIAS

	EJ. 2022	EJ. 2021
1. Aportación patrimonial dineraria	0,00	0,00
2. Aportación de bienes y derechos	0,00	0,00
3. Asunción y condonación de pasivos financieros	0,00	0,00
4. Otras aportaciones de la entidad o entidades propietarias	0,00	0,00
5. (-) Devolución de bienes y derechos	0,00	0,00
6. (-) Otras devoluciones a la entidad o entidades propietarias	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00

b) OTRAS OPERACIONES CON LA ENTIDAD O ENTIDADES PROPIETARIAS

	EJ. 2022	EJ. 2021
1. Ingresos y gastos reconocidos directamente en la cuenta del resultado económico patrimonial	1.071.136,23	1.595.543,66
2. Ingresos y gastos reconocidos directamente en el patrimonio neto	0,00	0,00
TOTAL	1.071.136,23	1.595.543,66

ESTADO DE FLUXOS EFECTIVOS DE TESOURARÍA 2022

	EJ. 2022	EJ. 2021
I. FLUJOS EFECTIVOS DE LAS ACTIVIDADES DE GESTIÓN	34.465.435,71	19.282.713,11
A) Cobros:	160.314.672,80	141.446.455,72
1. Ingresos tributarios y cotizaciones sociales	28.094,50	2.067,71
2. Transferencias y subvenciones recibidas	146.533.531,09	130.388.302,28
3. Ventas netas y prestaciones de servicios	15.831.914,78	14.864.389,58
4. Gestión de recursos recaudados por cuenta de otros entes	0,00	0,00
5. Intereses y dividendos cobrados	2.061,45	8.197,75
6. Otros cobros	-2.080.929,02	-3.816.501,60
B) Pagos:	125.849.237,09	122.163.742,61
7. Gastos de personal	104.185.805,84	102.633.694,02
8. Transferencias y subvenciones concedidas	4.769.277,00	4.110.252,46
9. Aprovisionamiento	0,00	0,00
10. Otros gastos de gestión	17.180.042,01	15.586.993,60
11. Gestión de recursos recaudados por cuenta de otros entes	0,00	0,00
12. Intereses pagados	34.254,48	16.359,20
13. Otros pagos	-320.142,24	-183.556,67
Flujos netos de efectivo por actividades de gestión(+A-B)	34.465.435,71	19.282.713,11
II. FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN	-30.848.315,96	-24.973.110,34
C) Cobros:	2.958,61	6.891,63
1. Venta de inversiones reales	0,00	0,00
2. Venta de activos financieros	0,00	0,00
3. Otros cobros de las actividades de inversión	2.958,61	6.891,63
D) Pagos:	30.851.274,57	24.980.001,97
4. Compras de inversiones reales	30.646.003,78	24.958.467,97
5. Compras de activos financieros	205.270,79	21.534,00
6. Otros pagos de las actividades de inversión	0,00	0,00
Flujos netos de efectivos por actividades de inversión (+C-D)	-30.848.315,96	-24.973.110,34
III. FLUJOS DE EFECTIVO DE LAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN	-222.883,81	-525.315,90
E) Aumentos en el patrimonio:	0,00	0,00
1. Aportaciones de la entidad o entidades propietarias.	0,00	0,00
F) Pagos a la entidad o entidades propietarias:	0,00	0,00
2. Devolución de aportaciones y reparto de resultados a la entidad o entidades propietarias	0,00	0,00
G) Cobros por emisión de pasivos financieros:	0,00	0,00
3. Obligaciones y otros valores negociables	0,00	0,00
4. Préstamos recibidos	0,00	0,00
5. Otras deudas.	0,00	0,00
H) Pagos por reembolso de pasivos financieros:	222.883,81	525.315,90
6. Obligaciones y otros valores negociables	0,00	0,00
7. Préstamos recibidos	222.883,81	525.315,90
8. Otras deudas.	0,00	0,00
Flujos de efectivo por actividades de financiación (+E+F+G-H)	-222.883,81	-525.315,90
IV. FLUJOS EFECTIVOS PENDIENTES DE CLASIFICIACIÓN	-1.524.285,02	5.583.210,14
I) Cobros pendientes de aplicación	-1.516.176,74	5.827.813,59
J) Pagos pendientes de aplicación	8.108,28	244.603,45
Flujos netos de efectivo pendientes de clasificación (+I-J)	-1.524.285,02	5.583.210,14
V. EFECTO DE LAS VARIACIONES DE LOS TIPO DE CAMBIOS	0,00	0,00
VI. INCREMENTO/DISMINUCIÓN NETA DEL EFECTIVO Y ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AL EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	1.869.950,92	-632.502,99
Efectivo y activos líquidos equivalentes al efectivo al inicio del ejercicio	3.548.322,28	4.180.825,27
Efectivo y activos líquidos equivalentes al efectivo al final del ejercicio	5.418.273,20	3.548.322,28

**MEMORIA
DAS
CONTAS ANUAIS**

EXERCICIO DE 2022

(1) Actividade e organización

(a) Actividade

A Universidade da Coruña (en adiante a Universidade) é unha institución de dereito público dedicada á docencia, ao estudo e á investigación. Creada pola Lei 11/1989, de 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia; réxese pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, de universidades; a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia; polos seus propios Estatutos aprobados, con data do 4 de febreiro de 1992, polo Claustro constituínte e modificados posteriormente por Decreto 101/2004, do 13 de maio e Decreto 194/2007, de 11 de outubro, e pola súa propia normativa. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e desenvolve as súas funcións en réxime de autonomía.

A actividade da Universidade concrétase no seu orzamento, elaborado en base aos ingresos procedentes de:

- a) O Plan de Financiamento do SUG 2016-2020 (Resolución de 10 de novembro de 2015, DOG 19/11/2015).
- b) Os prezos públicos, regulados para o curso 2022/2023 polo Decreto 121/2022, de 23 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.
- c) As subvencións, legados ou doazóns procedentes de entidades públicas ou privadas.
- d) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e daquelas outras actividades económicas recollidas dentro da Lei orgánica de universidades e os Estatutos.
- e) Os ingresos de contratos ou convenios.
- f) Os produtos de operacións de crédito para o financiamento dos seus investimentos.
- g) Os remanentes de tesouraría e outros ingresos.

No orzamento tamén se prevén os gastos necesarios para a súa actividade, como por exemplo:

- a) O persoal docente e investigador e de administración e servizos.
- b) Os gastos de funcionamento, conservación e mantemento.
- c) Os gastos de infraestruturas e mantemento de material científico.
- d) As obras xerais e de equipamento.
- e) As bolsas, formación do persoal e outros gastos.

De acordo coa normativa orzamentaria, os gastos deben contraerse respectando as partidas orzamentarias asignadas no capítulo correspondente (incluíndo as modificacións).

Ademais, determinados ingresos só se poden aplicar a investimentos específicos (finalistas).

(b) Estrutura organizativa básica e Organización Contable

A Universidade está gobernada polos seguintes órganos:

- a) Claustro Universitario.
- b) Consello Social.
- c) Consello de Goberno.
- d) O Reitor, auxiliado polos Vicerreitores, o Secretario Xeral e o Xerente (Equipo de Goberno).

O Consello de Dirección da Universidade da Coruña, en 2022 foi o seguinte:

- Reitor: D. Julio E. Abalde Alonso
- Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica: D. Domingo Calvo Dopico
- Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade: D^a María José Lombardía Cortiña
- Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte: D^a Cristina López Villar
- Vicerreitora de Infraestruturas e Sustentabilidade: D^a Amparo Casares Gallego
- Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación: D^a Pilar García de la Torre
- Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente: D^a Nancy Vázquez Veiga
- Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia: D. Salvador Naya Fernández
- Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente: D. Alberto Valderruten Vidal
- Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social: D^a María Jesús Movilla Fernández
- Secretario Xeral: D. Carlos Aymerich Cano
- Xerente: D. Ramón del Valle López

Segundo o artigo 40 do Decreto 101/2004, e Decreto 194/2007, de 11 de outubro, polo que se modifican os Estatutos da Universidade da Coruña, o xerente, nomeado polo reitor de acordo ao Consello Social, é o órgano unipersoal que se ocupa, baixo a

inmediata dependencia do reitor, da xestión dos servizos administrativos e económicos da Universidade.

A máxima autoridade académica da Universidade é o reitor, o cal, segundo o artigo 34 dos Estatutos da Universidade, exerce a dirección, goberno e xestión da Universidade, desenvolve as liñas de actuación aprobadas polos órganos colexiados correspondentes e executa os seus acordos.

(2) Información sobre medio ambiente

A Universidade non incorreu en ningún gasto de natureza ambiental durante o exercicio, como tampouco en ningún investimento significativo de natureza ambiental.

Debe facerse constar o amplo capítulo de actividades desenvolvidas durante 2021 pola Oficina do Medio Ambiente dependente da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

A Universidade estima que non existen continxencias significativas relativas á protección do medio ambiente, non considerando necesario rexistrar provisión algunha en tal sentido.

(3) Contratación administrativa

O detalle da contratación administrativa en 2022 referente a expedientes de subministración, obras, servizos e mantementos relaciónanse detalladamente no cadro que se achega a continuación:

TIPO CONTRATO	Nº CONTRATO	OBXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN
Suministros	2022-0027	Licencias Productos Microsoft	131.209,00 €
Suministros	2022-0026-2	Vehículos UDC. Turismo	38.990,00 €
Suministros	2022-0026-1	Vehículos UDC. Vehículos eléctricos	32.508,00 €
Obras	2022-0025	Finalización de las obras de ampliación del CITIC	560.107,00 €
Suministros	2022-0024	Comutadores de redes para la ampliación de la capacidad en los centros	71.886,00 €
Suministros	2022-0023	Implantación de Security Information an Event Management.	257.968,37 €
Servicios	2022-0022	Servicio de la Escuela Infantil de la UDC	7.500,00 €
Servicios	2022-0021	Seguro de Responsabilidad Civil de la UDC	24.000,00 €
Servicios	2022-0020	Servicio de soporte , mantenimiento y operación de redes de datos.	416.236,00 €
Suministros	2022-0018-9	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 9.	8.637,00 €



Suministros	2022-0018-5	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 5.	36.194,00 €
Suministros	2022-0018-4	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 4.	12.140,00 €
Suministros	2022-0018-3	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 3.	23.111,00 €
Suministros	2022-0018-15	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 15.	5.503,00 €
Suministros	2022-0018-11	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 11.	16.749,00 €
Suministros	2022-0018-10	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 10.	8.228,00 €
Suministros	2022-0018-1	Adquisición de equipamiento científico- tecnológico para el Campus de Ferrol. Lote 1.	26.856,00 €
Suministros	2022-0017	Suministro Licencias Productos Microsoft.	42.214,00 €
Suministros	2022-0016-4	Suministración de equipamiento para Facultad de Ciencias y SAI. Lote 4	337.590,00 €
Suministros	2022-0016-3	Suministración de equipamiento para Facultad de Ciencias y SAI. Lote 3	206.182,00 €
Suministros	2022-0016-2	Suministración de equipamiento para Facultad de Ciencias y SAI. Lote 2	309.155,00 €
Suministros	2022-0016-1	Suministración de equipamiento para Facultad de Ciencias y SAI. Lote 1	96.788,00 €
Servicios	2022-0014	Servicio de Asistencia Técnica para la implantación de un sistema de gestión de seguridad de la información y cumplimiento de los requisitos especificados en el Real Decreto 311/2022	144.159,00 €
Suministros	2022-0013	Subministración de consumibles y mantenimiento anual del Sistema de purificación de agua Millipore.	8.200,00 €
Suministros	2022-0012-4	Adquisición plataformas robóticas. Lote 4	16.377,00 €
Suministros	2022-0012-3	Adquisición plataformas robóticas. Lote 3	26.235,00 €
Suministros	2022-0012-2	Adquisición plataformas robóticas. Lote 2	74.277,00 €
Suministros	2022-0012-1	Adquisición plataformas robóticas. Lote 1	143.000,00 €
Servicios	2022-0011-5	Servizos Especializados de Asistencia Técnica. Lote 5	8.400,00 €
Servicios	2022-0011-4	Servizos Especializados de Asistencia Técnica. Lote 4	23.375,00 €
Servicios	2022-0011-3	Servizos Especializados de Asistencia Técnica. Lote 3	21.175,00 €
Servicios	2022-0011-2	Servizos Especializados de Asistencia Técnica. Lote 2	15.300,00 €
Servicios	2022-0011-1	Servizos Especializados de Asistencia Técnica. Lote 1	22.500,00 €
Suministros	2022-0009	Subministración das licencias de Adobe Acrobat	51.711,00 €
Servicios	2022-0008-2	Recipientes Hixiénicos. Colocación, reposición e mantemento. Lote 2: Campus Ferrol	10.395,00 €
Servicios	2022-0008-1	Recipientes Hixiénicos. Colocación, reposición e mantemento. Lote 1: Campus Coruña	45.045,00 €
Obras	2022-0007	Rehabilitación do Edificio da Antiga Residencia de Oficiais de Batallóns	848.554,00 €
Suministros	2022-0004-2	Licencias Software Veeam Backup + Legato Networker	81.065,00 €
Suministros	2022-0004-1	Licencias Software Veeam Backup + Legato Networker	79.134,00 €
Suministros	2021/1008/2	Licencias Software VMWare e Campus Oracle. Lote 2	156.305,00 €

Suministros	2021/1008/1	Licencias Software VMWare e Campus Oracle. Lote 1	533.608,00 €
Obras	2021-0013	Acondicionamiento de Animalario e Laboratorio	945.677,00 €
Suministros	2021-0012	Subministro de 1000 licenzas de software Microsoft 365 A5 Security , para complementar á actual licenza Campus	20.243,00 €
Servicios	2021-0006	Operacións de mantemento necesarias para a prevención e control da lexiónelose nas instalacións dos diferentes centros da Universidade da Coruña	47.075,00 €
Servicios	2022-0001	Servizo de telefonía e comunicacións	1.075.000,00

(4) Entidades participadas

As entidades participadas directa ou indirectamente pola Universidade ao 31 de decembro de 2022, son as seguintes:

Entidade	Participación
Sociedad Xestora do CITIC, S.L.	100,00%
Appentra Solutions S.L.	2,70 %
Sedaqua, S.L.	5,00 %
Manufactura de Ingenios Tecnologicos S.L.	5,00 %
Torus Software Solutions, S.L.	4,67 %
Peloides Termale, S.L.	5,00 %
Centro de Estimulación Cerebral de Galicia S.L.	5,00 %
Nerxus Quality Solutions S.L.	5,00 %
Terravanza, Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados S.L.	5,00 %
Ius Publicum Innovatio, S.L.	5,09%
Phycosem Marine Agronomy, S.L.	5,00%
SIGMA, Gestión Universitaria, AIE	1,02%
Artificial Intelligence Indestia, S.L.	10,00%
UNIRISCO GALICIA SCR, SA	3,53%

Entidad participada	Actividad	Importe participación (€)	Prima de emisión UD	% Participación	Capital	Patrimonio Neto
SOCIEDADE XESTORA DO CITIC, S.L.	Fomento del CITIC	222.438,19	--	100%	248.200,00	185.624,34
TERRAVANZA, GABINETE DE ESTUDIOS TERRITORIALES AVANZADOS, SL	Asesoramiento técnico, auditoría y consultoría en el campo de la ingeniería, la planificación, el urbanismo y el medioambiente, así como servicios asociados que tengan por objeto el uso en el Internet de las Cosas.	150,00	--	5,00%	3.000,00 €	
MANUFACTURA DE INGENIOS TECNOLOGICOS, SL	Diseño, desarrollo y fabricación de dispositivos autónomos y plataformas robóticas que hacen uso intensivo de las tecnologías de la información.	3.469,00	--	5,00%	69.341,00 €	
HUMIGAL, SISTEMAS ECOLÓGICOS DE DEPURACIÓN DE AGUAS, SL (SEDAQUA)	Tratamiento de depuración de aguas mediante humedales artificiales para pequeñas poblaciones e industrias	150,00	--	5,00%	3.000,00 €	
PHYCOSEM MARINE AGRONOMY, SL	La creación, mantenimiento, producción y comercialización de germoplasma, implantes, plántulas e inóculos de macroalgas.	150,00	--	5,00%	3.000,00 €	11.082,64 €
APPENTRA SOLUTIONS, SL/CODEE	Proporcionar herramientas software de calidad para uso extensivo de técnicas de computación de alto rendimiento (HPC) en todas las áreas de aplicación de ingeniería, ciencia e industria.	6.000,00	--	2,70%	222.019,00 €	1.600.616,00 €
TORUS SOFTWARE SOLUTIONS, SL	Soluciones de software de comunicaciones ultrarrápido, que permite acelerar aplicaciones en entornos donde el rendimiento es crítico, en especial en ámbito financiero, telecomunicaciones y energía	1.800,00	--	4,67%	38.555,00 €	939.053,63 €
PELOIDES TERMALES, SL	Consultoría sobre producción, empleo y propiedades de peloides a medida, tanto para aplicaciones terapéuticas como cosméticas, enfocada a prestar servicios al sector termal.	1.104,00	--	5,00%	22.069,00 €	20.690,79 €
CENTRO DE ESTIMULACIÓN CEREBRAL DE GALICIA, SL	Las actividades sanitarias y de servicios sociales en el ámbito de los tratamientos médicos mediante técnicas de estimulación y modulación cerebral no invasiva, la investigación y la consultoría en ese campo.	158,00	--	5,00%	3.158,00 €	4.434,83 €
NEXUS QUALITY SOLUTIONS, SL	Asesoramiento técnico, auditoría y consultoría en el campo de la eficiencia energética, tratamiento matemático de optimización y calidad industrial, así como la prestación de servicios asociados.	150,00	--	5,00%	3.000,00 €	3.339,84 €
IUS PUBLICUM INNOVATIO, SL	Servicios de estudios y análisis estratégicos enfocados en la buena administración y regulación del derecho público.	153,00	--	5,09%	3.005,00 €	60.912,14 €
INDESTIA	Productos de software basados en inteligencia artificial que automatizan procesos de selección de imágenes con diferentes aplicaciones comerciales	1.500,00		10,00%	15.525,00 €	50.000,00 €
SIGMA GESTIÓN UNIVERSITARIA, AIE	Optimizar los sistemas de gestión académica y de investigación en las instituciones de educación superior	20.034,00	-	1,02%	1.963.308,31 €	
UNIRISCO GALICIA SCR, SA	Fomento de la creación de empresas nacidas en el ecosistema universitario, tecnólogo y de I+D	140.067,00		3,53%	3.942.040,00 €	
TOTAL		397.323,19			6.539.220,31	2.875.754,21

CÁNONES ANUAIS DOS SERVIZOS DA UDC - 2022

SERVIZO	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	CONCESIONARIO
Cafetaría - Comedor da Facultade de Dereito	13.079,28 €	2.746,64 €	15.825,92 €	GARCÍA MEJUTO, SL
Cafetaría - Comedor da Facultade de Filoloxía	1.289,16 €	270,72 €	1.559,88 €	JUAN CARLOS MÉNDEZ POSE
Cafetaría - Comedor da ETS de Arquitectura	8.727,44 €	1.832,76 €	10.560,20 €	ANTONIO RODRÍGUEZ REBÓN Y OTRA, S.C.
Cafetaría - Comedor da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	3.717,04 €	780,60 €	4.497,64 €	DOLORES J. TOMÉ BERGANTIÑOS
Cafetaría - Comedor da ETS de Náutica e Máquinas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Cafetaría - Comedor da EU de Arquitectura Técnica	9.439,28 €	1.982,24 €	11.421,52 €	Mª DE LA PAZ SANCOSMED BELLO
Cafetaría - Comedor da EU Politécnica	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Cafetaría - Comedor da Fac. de Ciencias do Deporte e a Educación Física	8.986,88 €	1.887,24 €	10.874,12 €	Mª DEL CARMEN BARRAL FREIRE
Cafetaría - Comedor da Facultade de Ciencias	5.281,26 €	1.109,06 €	6.390,32 €	VIRTUDES ESPARÍS VÁZQUEZ
Cafetaría - Comedor da Facultade de Ciencias	2.493,42 €	523,62 €	3.017,04 €	Mª DE LA PAZ SANCOSMED BELLO
Cafetaría - Comedor da Facultade de Ciencias da Educación	8.092,64 €	1.699,44 €	9.792,08 €	HOSTEGENA, S.L.
Cafetaría - Comedor da Facultade de Economía e Empresa	10.717,70 €	2.250,72 €	12.968,42 €	GARCÍA MEJUTO, SL
Cafetaría - Comedor da Facultade de Economía e Empresa	5.058,86 €	1.062,36 €	6.121,22 €	MIGUEL OTERO RAMA
Cafetaría - Comedor da Facultade de Informática	9.706,40 €	2.038,33 €	11.744,73 €	MIGUEL OTERO RAMA
Cafetaría - Comedor da Facultade de Socioloxía	8.532,64 €	1.791,84 €	10.324,48 €	ALHAMBRA ARAÚJO, S.C.
Cafetaría - Comedor da Reitoría	7.432,00 €	1.560,72 €	8.992,72 €	JOSÉ GERPE GERPE
Cafetaría - Comedor do Campus da Coruña - Oza	5.068,76 €	1.064,44 €	6.133,20 €	GADRAMAN, S.L.
Cafetaría - Comedor do Campus de Ferrol - Esteiro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
Escola infantil	2.485,70 €	522,00 €	3.007,70 €	GUARDERÍA MATOGRANDE, S.L.
Máquinas expendedoras de produtos	51.717,90 €	10.860,76 €	62.578,66 €	DELIVRA, S.L.
Reprografía	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
TOTAL	161.826,36 €	33.983,49 €	195.809,85 €	



INGRESOS POR ALUGUER DE ESPAZOS - ANO 2022

Paraninfo e outros espazos	231.029,17
Instalacións deportivas e culturais	304.665,76
	535.694,93

(5) As cifras da UDC de 2022

A Universidade conta con 23 centros distribuídos en:

- Facultades 15
- Escolas técnicas superiores3
- Escolas politécnicas.....2
- Escolas universitarias propias3
- Escolas universitarias adscritas2

Departamentos, Institutos e Centros Tecnolóxicos:

- Departamentos26
- Institutos6
- Centros tecnolóxicos de investigación7
- Grupos de investigación128
- Patentes tramitadas4
- Teses doutoramento135

Titulacións oficiais:

- Graos47
- Mestrados59

Outras titulacións:

- Programas de doutoramento39
- Títulos propios de posgrao35

(6) Persoal UDC 2022

A información sobre o número de empregados no exercicio 2022 a 31 de decembro de 2022, por categorías, é a seguinte:

Tipo Persoal	Homes/media	Mulleres/media	Homes/final	Mulleres/final
PDI Funcionario	439	257	445	261
PDI Laboral	397	323	403	328
PAS Funcionario	271	471	275	478
PAS Laboral	10	12	10	12
TOTAL	1.117	1.063	1.133	1.079

Nota.- Débese facer constar os procesos de funcionarización de persoal laboral realizados.

O resumo por categorías ao peche do exercicio 2022 é o seguinte:

Categoría	Final
PDI	1.440
PAS	775
Total	2.215

O ratio PAS por cada PDI é de 0,54 (PAS/PDI)

Estudantes:

Para o curso académico **2022/2023** alcánzase un total de 17.364 matriculados:

- Estudos de grado e 1º e 2º ciclo: 13.710 alumnos
- Estudos de Máster: 2.360 alumnos
- Estudos de Doutoramento: 1.294 alumnos

Nota.- Na Memoria 2022, informe do reitor, desenvólvese esta información de xeito detallado.(https://www.udc.es/gl/cifras/memorias_xestion/memoria2022/).

(7) Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración

A Universidade ten asinados os seguintes convenios de colaboración e concertos para certos servizos públicos que se están xestionando de forma indirecta:

CISUG

Con data do 28 de maio de 2018 asinouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres Universidades do SUG para a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).

A sinatura deste convenio supón a integración no CISUG do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), que se fixo efectiva por acordo da Xunta de Goberno do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia na sesión celebrada o 28 de outubro de 2020.

Neste exercicio a Xunta de Galicia e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) asinaron un convenio de colaboración, con data 14 de maio de 2021 para o financiamento de recursos de información científica en liña.

Con este convenio se pretende dar resposta ás necesidades do persoal docente e do persoal investigador das universidades galegas de ter acceso aos contidos das publicacións científicas en soporte dixital.

. O importe xestionado no exercicio 2022 a favor de CISUG foi de 921.003,22 €.

-CIXUG (Convenio de colaboración entre a UDC e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria de Galicia, para o soporte e mantemento de aplicacións informáticas no ano 2021).

O convenio asinado é continuación dos convenios anuais asinados dende o ano 2006 e que fan referencia ás aplicacións Xescampus, Suxi, Voto e Tradución electrónica e apoio á Oficina de Software Libre. O importe para o exercicio de 2022 acadou o importe de 235.653,58 €.

-CIUGA (Comisión Interuniversitaria de Galicia)

Esta Comisión, na que participan as tres universidades galegas, ten como misión a organización das probas de acceso á universidade. Carece de personalidade xurídica e correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela a xestión económica dos seus ingresos e gastos, participando igualitariamente cada universidade no financiamento do seu orzamento anual. A liquidación correspondente ao exercicio de 2022 ascendeu a 121.269,35 €.

(8) Bases de presentación

(a) Imaxe fiel

O artigo 81.4 da Lei orgánica de Universidades establece que a estrutura do orzamento das universidades, o seu sistema contable, e os documentos que comprenden as súas contas anuais deberán adaptarse, en todo caso, ás normas que con carácter xeral se establezan para o Sector Público. Neste marco, aos efectos da normalización contable, as Comunidades Autónomas poderán establecer un plan de contabilidade para as universidades da súa competencia. Do mesmo xeito o sinala o artigo 111.2 dos Estatutos da Universidade.

As presentes contas anuais, que foron formuladas aplicando o Plan Xeral de Contabilidade Pública aprobado pola Orde EHA/1037/2010, de 13 de abril, preparáronse a partir dos rexistros contables da Universidade e son as sétimas contas anuais formuladas pola Xerencia da Universidade. O artigo 112.4 determina que a Universidade renderá contas da súa xestión económica a través da correspondente liquidación do orzamento.

(9) Normas de recoñecemento e valoración

(a) Inmobilizado intanxible

As aplicacións informáticas valóranse polo seu custe de adquisición e amortízanse linealmente no prazo de 5 anos.

(b) Inmobilizado material

Os diferentes bens incluídos neste epígrafe figuran valorados con carácter xeral polo prezo de adquisición. O prezo de adquisición inclúe xunto co importe facturado polo vendedor os gastos adicionais que poidan producirse ata o momento en que o ben de que se trate se atope en condicións de funcionamento.

Nembergantes existen determinados inmobles que se encontran valorados ao seu valor razoable, definido éste segundo o marco de información financeira aplicable á Universidade, coma o importe polo que pode ser adquirido un activo entre partes interesadas e debidamente informadas, que realizan unha transacción en condicións de independencia mutua, determinándose sen deducir os costes de transacción nos que se poida incurrir na súa venda. Este valor razoable foi calculado por un valorador externo independente, mediante tasación destes inmobles.

Cando se incrementa a valor contable do inmovilizado como consecuencia dunha revalorización, tal aumento debe ser rexistrado nunha partida específica do Patrimonio Neto, dentro de epígrafe “Axustes por cambio de valor”.

No caso de terreos e inmobles recibidos en cesión, a valoración destes elementos realizouse empregando procedementos xeralmente aceptados.

No caso de bens procedentes de adquisicións lucrativas, estes valóranse polo valor venal do ben no momento da súa adquisición. Enténdese por valor venal dun ben o prezo que estaría disposto a pagar un adquirinte eventual, tendo e supoñendo a continuidade da explotación do ben.

A amortización dos elementos de inmovilizado material realízase distribuíndo o seu importe amortizable de forma sistemática ao longo da súa vida útil. A estes efectos enténdese por importe amortizable o custe de adquisición menos o seu valor residual.

A Universidade determina o gasto de amortización de forma independente para cada compoñente que teña un custe significativo en relación ao custe total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

No caso dos bens valorados a valor razoable, o importe revalorizado amortízase de xeito lineal durante o periodo ou vida útil remanente do citado activo.

A amortización dos elementos do inmovilizado material determínase mediante a aplicación dos criterios que se mencionan a continuación:

	Anos de vida útil
Construcións	99
Instalacións Técnicas	10
Maquinaria	8
Utensilios e moblaxe	10
Equipos e procesos de información	4
Elementos de transporte	7
Fondos Bibliográficos	10

As melloras en bens existentes que alongan a vida útil dos activos son capitalizadas. Os gastos de mantemento e conservación cárganse a resultados no momento en que se producen. As baixas e alleamentos reflíctense contablemente mediante a eliminación do custe do elemento e a amortización acumulada correspondente.

(c) Instrumentos financeiros

(i) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros clasifícanse no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de

conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Universidade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo ás características e ás intencións da Universidade no momento do seu recoñecemento inicial.

(ii) Empréstitos e partidas a cobrar

Os empréstitos e partidas a cobrar compóñense de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo. Estes activos recoñécense inicialmente polo seu valor razoable, incluíndo os custes de transacción incorridos e valóranse posteriormente ao custe amortizado, utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Non obstante os activos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, o importe venza ou, se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo, valóranse polo seu valor nominal.

A Universidade valora os empréstitos e partidas a cobrar ao custe amortizado, sempre que á vista das condicións contractuais poidan realizarse estimacións fiables dos fluxos de efectivo.

(iii) Investimentos en empresas do grupo, asociadas e multigrupo

Considéranse empresas do grupo, aquelas sobre as que a Universidade, directa ou indirectamente, a través de dependentes exerce control, segundo o previsto no artigo 42 do Código de comercio ou cando as empresas están controladas por calquera medio por unha ou varias persoas físicas ou xurídicas que actúen conxuntamente ou se achen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.

Os investimentos en empresas do grupo, asociadas e multigrupo recoñécense inicialmente ao custe, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada, incluíndo para os investimentos en asociadas e multigrupo os custes de transacción incorridos valorándose posteriormente ao custe, menos o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

(iv) Xuros e dividendos

Os xuros recoñécense polo método do tipo de xuro efectivo.

(v) Baixas de activos financeiros

Os activos financeiros danse de baixa contable cando os dereitos a recibir fluxos de efectivo relacionados cos mesmos venceron ou se transferiron e a Universidade traspasou substancialmente os riscos e beneficios derivados da súa titularidade.

A baixa dun activo financeiro na súa totalidade implica o recoñecemento de resultados pola diferenza existente entre o seu valor contable e a suma da contraprestación recibida, neta de gastos da transacción, incluíndose os activos obtidos ou pasivos asumidos e calquera perda ou ganancia diferida en ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto.

(vi) Deterioración de valor de activos financeiros

Un activo financeiro ou grupo de activos financeiros está deteriorado e produciuse unha perda por deterioración, se existe evidencia obxectiva da deterioración como resultado dun ou máis eventos que ocorreron despois do recoñecemento inicial do activo e ese evento ou eventos causantes da perda teñen un impacto sobre os fluxos de efectivo futuros estimados do activo ou grupo de activos financeiros, que pode ser estimado con fiabilidade.

A Universidade segue o criterio de rexistrar as oportunas correccións valorativas por deterioración de empréstitos e partidas a cobrar e instrumentos de débeda, cando se produciu unha redución ou atraso nos fluxos de efectivo estimados futuros, motivados pola insolvencia do debedor.

(vii) Deterioración de valor de activos financeiros valorados a custe amortizado

O importe da perda por deterioración do valor de activos financeiros valorados a custe amortizado é a diferenza entre o valor contable do activo financeiro e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros estimados, excluindo as perdas crediticias futuras nas que non se incorreu, descontados ao tipo de xuro efectivo orixinal do activo.

A perda por deterioración recoñécese con cargo a resultados e é reversible en exercicios posteriores, se a diminución pode ser obxectivamente relacionada cun evento posterior ao seu recoñecemento. Non obstante a reversión da perda ten como límite o custe amortizado que tivesen os activos, se non se rexistrou a perda por deterioración de valor.

(viii) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros, incluíndo acredores comerciais e outras contas a pagar, recoñécense inicialmente polo seu valor razoable, menos, no seu caso, os custes de transacción que son directamente atribuíbles a emisión dos mesmos. Con posterioridade ao recoñecemento inicial, os pasivos clasificados baixo esta categoría valóranse a custe amortizado utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Non entanto, os pasivos financeiros que non teñan un tipo de xuro establecido, o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo, valóranse polo seu valor nominal.

(d) Imposto sobre o valor engadido

(i) Impostos soportados

O IVE soportado *deducible* non forma parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto cando corresponda a aplicacións de gastos con clasificación funcional de 541A, e é obxecto de rexistro por parte da Universidade nunha rúbrica específica.

O IVE soportado *non deducible* forma parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto.

A Universidade non altera as valoracións iniciais polas rectificacións no importe do IVE soportado non deducible que son consecuencia da regularización derivada da pro rata definitiva, incluída a regularización por bens de investimento. Tales rectificacións recoñécense como gasto ou ingreso, segundo proceda, no resultado do exercicio.

(ii) Impostos repercutidos

O IVE repercutido non forma parte do ingreso derivado das operacións gravadas polo devandito imposto ou do importe neto obtido no alleamento ou disposición por outra vía no caso de baixa en contas de activos non correntes, e é obxecto de rexistro nunha rúbrica específica.

(e) Transferencias e subvencións

As transferencias e subvencións contabilízanse como ingresos e gastos recoñecidos en patrimonio neto cando existe un acordo individualizado da súa concesión e cúmplense as condicións asociadas ao seu goce e non existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

Cando o cumprimento das condicións asociadas ao seu goce esténdese a varios exercicios, presúmese o mesmo, sempre que así sexa no momento da elaboración das contas anuais de cada un dos exercicios aos que afecte. Así mesmo, no caso de subvencións para a execución de obras, cando as condicións asociadas ao goce esixan a finalización das mesmas e a súa posta en condicións de funcionamento, e a execución realícese en varios exercicios, considérase non reintegrable a subvención en proporción á obra executada ata o momento da elaboración das contas anuais, sempre que non existan dúbidas razoables da terminación da mesma, tal e como se estableza no correspondente acordo de concesión.

As transferencias impútanse a resultados no exercicio en que se recoñecen, e as subvencións recibidas impútanse a resultados de acordo cos criterios que se detallan a continuación:

- *Subvencións para financiar gastos:* Impútanse ao resultado do mesmo exercicio no que se devindiquen os gastos que están a financiar.
- *Subvencións para adquisición de activos:* Impútanse ao resultado de cada exercicio en proporción á vida útil do ben, aplicando o mesmo método que para a dotación a amortización dos citados elementos.

(f) Adscricións e outras cesións gratuítas de uso de bens e dereitos

Inclúense neste epígrafe aquelas operacións polas que se transfiren gratuitamente activos dunha entidade pública á Universidade para a súa utilización nun destino ou fin determinado, de forma que se os bens ou dereitos non se utilizan para a finalidade prevista deberían ser obxecto de reversión ou devolución á entidade que achega.

Estas operacións rexístranse e valóranse de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración “Transferencias e subvencións”.

Cando a adscrición ou cesión gratuíta do ben é por un período inferior a vida económica do mesmo, a Universidade rexistra un inmovilizado intanxible polo valor razoable do dereito de uso do ben cedido, mentres que, cando a adscrición ou cesión gratuíta é por un período indefinido ou similar á vida económica do ben recibido, a Universidade

rexistra no seu activo o elemento recibido en función da súa natureza e polo valor razoable do mesmo na data da adscrición ou cesión.

(g) Efectivo e outros activos líquidos equivalentes

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito.

(h) Ingresos por venda de bens e prestación de servizos

Os ingresos e gastos impútanse á conta do resultado económico patrimonial seguindo o criterio de devindicación, é dicir, en función da corrente real de bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

(i) Imposto sobre beneficios

De acordo co artigo 9 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a Universidade é unha entidade exenta.

(j) Clasificación de activos e pasivos entre corrente e non corrente

A Universidade presenta o balance clasificando activos e pasivos entre correntes e non correntes. A estes efectos son activos ou pasivos correntes aqueles que cumpran os seguintes criterios:

- Os *activos* clasifícanse como correntes cando se espera realizalos ou se pretende vendelos ou consumilos no transcurso do ciclo normal da explotación da Universidade ou se espera realizalos dentro do período dos 12 meses posteriores á data de peche ou se trata de efectivo ou outros activos líquidos equivalentes.
- Os *pasivos* clasifícanse como correntes cando se espera liquidalos no ciclo normal da explotación da Universidade, téndose que liquidar dentro do período de 12 meses dende a data de peche, ou, a Universidade non ten o dereito incondicional para aprazar a cancelación dos pasivos durante os 12 seguintes meses á data de peche.

(k) Principios contables aplicados no Estado de Liquidación do Orzamento

(i) Recoñecemento de dereitos e obrigas

Os dereitos e obrigas rexístranse contablemente no momento en que uns e outros son esixibles xuridicamente, independentemente do momento do cobro ou do pagamento. Os aspectos máis significativos na aplicación deste criterio son os seguintes:

➤ INGRESOS

(a) Prezos públicos

Os prezos públicos e taxas académicas do curso lectivo recoñécense como dereitos cando o alumno se matricula, independentemente de que os cobros se realicen no exercicio ou nun posterior, ben por adiamento, prórrogas ou resolucións de recursos. As compensacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de bolsas liquídanse ao peche do exercicio cunha estimación das bolsas solicitadas.

(b) Prestación de servizos

As prestacións de servizos recoñécense como ingresos no momento en que a prestación do servizo foi facturada. Os saldos pendentes de cobro preséntanse netos dos saldos de dubidoso cobro. Os ingresos percibidos por prestacións de servizos que están destinados a cubrir determinados conceptos orzamentarios, de investimento ou gasto, aínda non realizados, preséntanse como remanente de tesouraría afectado.

(c) Transferencias correntes

As transferencias correntes son aquelas que recibe a Universidade, principalmente da Xunta de Galicia, cuxo destino, xeralmente, é atender aos gastos ordinarios de funcionamento. Recoñécense como ingresos cando efectivamente cóbranse ou cando se ten coñecemento da obrigación por parte do terceiro.

